

O TIO MARCOS D'A PORTELA

Os mandamentos d'ó MARCOS
fora d' airexa, son seis:
facer á todos xusticia,
non casarse con ninguén,
falar o gallego enxebre,
cumprir c'ó que manda a ley,
loitar pol-o uso adiante
con entusiasmo e con fé,
vestir calzós e monteira
per omnia sécula amen.



Teñen os pobos á gila
n-o seu linguaxe falar:
fálase chino n-a China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña,
e n-a Alemaña, alemán,
so'lo os gallegosd' agora
bastra vergonza lles dá
falar a melosa e doce
fala que falan seus país.

PARRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano sexto

Ourense 15 d' Abril de 1884.

Parrafeo vint' e dous

PARRAFEO.

- Ave-María Purísima.
- Sin pecado concebida.
- Bos días Tio Marcos:
- Felices amigo; ¿qué bô aire o trai pól-a miña casa?

—O desexo que teño de conocele personalmente: porque, desde qu' o Tio Márcos se botou pol-o mundo adiante, deseeci falarlle pra lle dar as gr-acias, pol-a boa empresa q' acometeu: pero tantos e tan grandes trabucos hay que pagar, por un lado; manter e vestir fillos e muller por outro; e a casa, que tantas cousas compren n-ela por outro, que nunca me deixaron xuntar cartos pra emprender o viaxe e satisfacer os meus deseos: mais como dí o refran «que fai mais quen quer c' a quen pode» fun aforrando pra pasar unha semana n-a sua compañía, porque teño moito que lle decir. Ten que ter moita paciencia pra m' escoitar e perdonarme se o ofendo, porque tamén trayo queixas que lle dar: pero non son por mal, sinon pol-o ben d' a nosa terra e d'a nosa fala, e pol o mesmo espero que non m' o tomará a mal.

—Con moito gusto o escoitarei; porqu' eu atendo a todos; pois todos os gallegos son meus amigos, e d' iles non espero cousa mala: con que así pode desembuchar o que ten que me decir: pero antes desexo de saber co-

mo se chama e dond' é, pra lle escribir si algo se m' ofrece.

—En canto a saber d' onde son, bastelle saber que nacín n-a provincia d' Ourense, e que pol-o mesmo son gallego: si algo andubén pol-o mundo nunca saín de Galicia, e pol-o tanto nada teño d' extranxeiro, nin o quero ter: e cando teña algo que escribirme, fagao, que en canto o Tio Márcos ande pol-o mundo pode vivir seguro qu' irá á parar a miña casa e n-ela topará plato, cama e unha xarra de viño d' a nosa terra, que lle fará ferver a sangue. O meu nome é Roque Grilo Berzas: pareceralle raro o nome e os apellidos; pero eu non-o podo mudar, e non deixo de estar contento, porque onde vai San Roque foxe a peste; e Grilo chámanme porque os meus ascendentes foron gras cantores, e nunca saíron d' o burato, ond' a porta d' il, onde cantaban ó sol; e Berzas porque si non foran as berzas os mais d' os días pasaria sin mollar a boca, non sendo con auga ó almorzo, ó xantar e a cea; e gracias cando m' as dan c' o unto e c' o sal.

—Estou entendido Tio Roque. Agora vaya falando.

—Pois vamos alá. Xa lle dixen que nacera n-a provincia d' Ourense: e logo que empecei a falar mandároume meus padres a escola, e anque fun sabendo lér algo, encontrei unha grande novedá: esta consistía en qu' as cartillas, os libros e os procesos todos estaban escritos n-unha fala diferente d' a

que falaba a xente d' o meu lugar, e d' os outros veciños: é decir, qu' a xente falaba gallego e o escribido estaba en castillano: esto causábame gran pesar ò ver que non achaba ningún libro, cartilla nin proceso escribido en fala gallega, e matábame todo por encontralo, preguntando á todos onde habería libros gallegos, pero ninguén me daba noticia d' iles. Tratei eu de escribir n-o gallego pero non tiña ortografía, e non sabía como había de pór; de maneira que m' entendesen, cando quería escribir *hoze*, *aixiñi* ou *fixen*, non sabía como pñer: porque e' o *x* o maestro ensinárame a lér *x-i-jñ x-j-z*: si escribía con *j* com' os portugueses decíame o mismo; e así algunhas veces puña duas *ss*, pra que, así como pra decir fillo puña duas *ll*; pra decir *fixo* puña duas *ss*; mais sempre tiña medo que non m' entendesen, porque ninguén estaba adoitado a lér o gallego: é nunca topei quen me quitase d' a duda: hasta que por fin topei e' un libriño escribido en gallego. ¡Oh, cánto gusto recibín ò velo! pódeo consideralo o Tio Márcos. Xa o creio. Aquil libro chamábase *A Casamenteira*; era un sainete escribido por un tal Fandiño, que, como Cervantes o *Quijote*, escribira n-a cárcel de Santiago. Despois topei outros que aínda me gustou mais, pois non solo escribía en gallego sinon que alababa e defendía òs gallegos; chamábase *O Cura Fruime*. Así pois c. n estes pesares e alegrías fun pasando a vida, hasta que por fin apareceu n-o mundo O TIO MARCOS D' A PORTELA, gloria d' os gallegos e d' a sua fala, e d' a sua terra. Terra a millor d' o mundo; fala a millor de cantas se falan; e ninguén me contradiga estas duas cousas, porque lle vou a probar que son verdadeiras.

Sabemos pol-a historia que nos fixeron aprender n-a escola, que á nosa terra viñeron xentes de todas as terras d' Europa e de fora d' ela; e de todas, á pesar de bot-las a latigazos fora, de todas digo, quedou algunha xente agachada: e ¿por qué quedou? porque era millor o' a d' eles: pois ninguén deixa o millor pol-o mais malo: logo a nosa terra é a millor. Isto todos o sabemos: pois non necesitamos nada de fora. Temos terras onde se aclimatan todas as plantas: temos mar con bós pescados; rios con boas troitas, anguiás, lampreas, sábalos e salmós; temos ouro, prata, cobre, plomo, estaño, ferro e o mais que nos cumpla: pan de trigo e centeo, millo, cebala e todo o que queiramos sementar: patatas... ¡santo Dios! de vino non se diga nada: en fin, nada nos falta sinon o servir a Dios, e esto é si non queremos; o demais non falta quen nos ensine a doutrina cristiana e quen nos predique a Verdá.

Que a nosa fala e a millor calquera o coñece: por que se compón de todas, e principalmente d' a latina e d' a española mais sencillas, perfectas e abundantes de nombres. E sobre todo: a nosa fala é a millor, por-

que solo os gallegos somos capaces d' aprender todas as falas d' o mundo sin que nos coñozan que somos gallegos, o que non poden facer os outros, que por mais anos que vivan fora d' a sua pátria, sempre se lle conócera que non naceron n-a terra en que viven.

Perdóne O Tio MARCOS, si o enfada a miña parola, pero necesito contar esto pra lle decir o millor que falta por falar, que lle vou contar agora.

—Siga, siga, que me dá gusto, e non me cansa a sua parola.

Pois como iba decindo, ben sabe O Tio MARCOS que o home distínguese d' os outros animales porque t n razon. Empeza por facer as cousas: primeiro poden saírle mal, pero despois millor, e por último boas e ben feitas. Pois así tamen eu quería que a nosa fala gallega fose á millor cada día. Mais dírame O Tio MARCOS ¿en que consiste o ir á millor? Eu tamen lle preguntarei: dí O Tio MARCOS que fala o gallego enxebre, e eu preguntolle, ¿cál é o gallego enxebre? ¿qué razon me dá pra conócelo? pois vexo que tantos son os lugares, tantos son os falares: nunha feligresia que ten cinco lugares, ten cinco falares: e tantos lugares hay n-a nosa provincia e n-as outras de Galicia como outros tantos falares. E ¿cál é o que millor fala? ¿cál é o verdadeiro? Eu pol-o menos non o sei: solo lle direi a miña opinion e o modo que tuven sempre de resolver estas cuestiós. Habitei moito tempo n-un lugar que había augas medicinales, e á donde viña moita xente de moitas partes de Galicia, e moitas veces ríanse unhos d'o falar d' os outros e eu decía que ningún tiña razon pra rirse, pois todos falaban algo ben e algo mal, e sentenciaba aquil falaba millor o que decía as palabras mais semelladas á raiz d' onde saíran: e ninguén me contradecía esta opinion, nin me foi contra o meu dictámen.

Pois esta regla paréceme xusta e atrévome á recomendarla ò Tio Marcos; pois anque dí que é gallego e que fala o gallego enxebre perdóneme qu' eu non o creio que sea gallego, eu creio que o Tio Marcos é un home que ven d' as provincias, e puxo os calzós y-a monteira gallegos, e facendo que ven loando os gallegos e a sua fala, ven facendo a rechifla d' iles: porque vexo que non fala como falan os gallegos, que ben falan, senon os que non saben falar, e ven usando palabras que xa se non usan n-a terra gallega, e tanto é así que ò Tio MARCOS preguntan todos: «¿il fala en portugués?» E caixe que ten razon. ¿A quen se lle ocorre chamarlle òs lugares pobos, si solo lle chaman en Portugal? Chamarlle ás calles ruas, sabendo que hasta en Ourense, sinon o sitio, desapareceron ò menos os nombres d' a rua d' a Obra, d' a rua d' as Tendas, d' a rua d' os Fornos e hasta d' a rua de San Pedro? Eso fora de bo, que n-a Galicia non tivésemos nombres propios pra espresar os nosos pensamentos, sin ir mendi-

gar o falar d'os forasteiros. Pol-o tanto pído-lle de favor ó TIO MARCOS, si quer acreditar que é verdadeiro gallego e non forasteiro con capa de gallego, que ten que lle propor á Diputacion provincial, que supoño que toda é composta de gallegos, que lle dea o seu parecer pra facer O Tio MARCOS as reformas siguientes:

1.^a Non usar palabras de fala portuguesa cando teña palabras gallegas; e pol-o tanto...

2.^a En vez de por n-o periódico «Parrafeos c'o pobo gallego» porá «Parrafeos gallegos».

3.^a Non admitir n-a sua audiencia á ningún zarabeto: pois o que non sea capaz de pronunciar a nosa fala que cale e que non deshonne ós outros.

4.^a Cando non teña nome propio, que prefira o español ó estranxeiro.

5.^a Que os nomes propios se escriben como son: que de non polos así da á entender que non somos capaces de pronuncialos.

6.^a A Diputacion poderá estender mais reformas que contribuyan á perfeccion d'a fala gallega e evitar as palabras que a poden deshorrar, así como ós gallegos.

Si O TIO MARCOS non pon esto n-o coñecimento d'a Diputacion provincial e non se suxeta as suas disposicións, nunca creerei que O TIO MARCOS é gallego sinón o burlador d'os gallegos e d' a fala gallega, pois parece que se avergonza de soltar algunhas palabras españolas como si os gallegos non fóramos capaces de falalas, sabendo que nos ensinaron a rezar en español e sabemos decir «Padre nuestro que estás en los cielos... Santa Maria madre de Dios...»

Eu cando era pequeno rifábanme os meus pais porque decia «meu pai» e «miña mai ou nai», e decíanme que así decían os mal falados e facíanme decir «meu padre» e «miña madre».

En fin a lingua española vai mudada d'a antiga, ¿porqué a gallega non se ha de mudar en millor? porqué se ha de remedar ós que falan mal e non escitar á todos que falen millor dándolle o bo exemplo.

Esto é o que quer e o que pide o verdadeiro gallego, o verdadeiro amante d'a sua patria e d'a sua fala, e pol-o mesmo amigo de corazón d'o verdadeiro MARCOS D'A PORTELA, cuya maus lle beixa e de novo pide perdon se o ofende

ROQUE GRILO BERZAS.

P. D.—Olvidoume decirlle que ises nomes que xa non están en uso n-a nosa terra, que llos deixe pra os poetas cando lles cumpira concertar os versos: que digan «pobo» pra concertar con «lobo», «rua» con «sua», «pazos» con «lazos»; pero con «Inacios» está mais parecido «Palacios».

E en canto ós zarabetos, que solo falen cando fagan de pallazo en algun sainete,

pra facer rir; pero n-a nosa conversacion o ben falado ben parece, e d'o mal falado todos se rin; e si non se rin por respeto, unha mirada de reollo indica a burla interior d'o mal falado.

Ainda espero volver á vela e heime de valer d' un amigo que me faga co-a alborada d'o Cego de Francos ou d'e Folon, pois é coñecido c'os dous nomes, Folon on le naceu. Francos onde casou, porque sei que ten moitos o desexo d' oilla; e d' escribirla O TIO MARCOS, si a anuncia antes, anlle d' aumentar os suscritores ou pode sacar mayor tirada; porque ll' han de comprar moitos: hoxe voulle á escribir ó meu amigo pra que me vaya sacar unha copia d' ela; pois o que a ten non a escribe por diñeiro que lle den.

Adios hasta outro dia que lle traya a alborada si a quer.

Señor Roque Grilo Berzas: dempois de que vosté o guisou e o comeu co no Xan Palomo, dempois de que o falou todo como aquel cego que andaba con deus munifates asemellando que falaba por eles, agora tócame á min.

Todal-as opinións e mais aquelas que tenden á poñer en craro a pureza de unha fala como a nosa, sempre foron pra min merecentes de respeto, e dou probas d' elo publicando o seu parrafeo.

Non ten volta: ou vosté se propuxo gromearme, ou é un home sabido que xa non lle rixe a cabeza, ou un lego con fames de sabido; porque dígame, señor Roque, ¿en que xuncras de badamecos viu vosté que *pobo* non era palabra gallega? N-os dous dicionarios que temos pode atopala sin moito traballo. Como quen di algo aponse ó emprego d' esa palabra porque a ten a lingua portuguesa. Por ese camiño chegaríamos á non poder falar en gallego, pois as mais d' elas d' unha e d' outra fala son o mesmo, cousa que non lle parecerá milagre á ninguen que sin botallas de filólogo conoza un pouco a procedencia, formacion e desenvolvemento d' ambas falas.

Tampouco ten por palabra gallega *rua*, e pra non tela danos unha razón d' esas que poden colar n-unha casa de loucos. Desapareceu en Ourense a rua d'a Obra, hoxe ás *ruas* chámanlle *calles* e abonda pra se desfa-

cer d'a palabra. Un cantar mais vello que o rey que adoeceu por sopas, di:

«Rabo de sardiña crua,
tanto se me dá por tí
como pol-os cas d'a rua.»

Andar de *ruada* tamen deixou de ser unha frase gallega d' as enxebres.

Outra razon que esboira: porque algúns país iñorantes lle rifen ós seus fillos porque lles chamen *pai* e *nai*, xa temos que decir *padre* e *madre*.

Mais o que me puxo en garda, o que me mete en dudas de que vosté tivese mentres de me comel-a broa foi que á falta d' unha *academia gallega* ou d' outra autoridá á que acodir en consulta, propoña que a Diputacion provincial sexa a chamada á resolver as cuestiós ou casos dudosos d'a nosa fala. A esto, señor Roque, chámasele n-a mina terra falar por non estar calado, e pol-o mesmo non le dou creto ó dito.

En tocantes á que mais que gallego pareceo un estranxeiro que se bulra d'a fala d'a nosa terrina, calquera cousa: é muy dono vosté de pensar como queira e hastra de ter-me por chino si lle prace, que por eso non deixarei de ser gallego-hastra n-a cana d' os hosos, e pol-o que vou vendo mais enteirado que vosté d' os libros novos que viron a luz n-a fala d' Alfonso o Sábeo, sin que por eso queira decir que as vellas non sexan boas.

Quedo agardando pol-a alborada d' o cego de Francos, non porque coide como vosté pensa, que me vai a dar mais lembradía, sinon pra conocela e pra que a conezan meus compañeiros de monteira.

Si dispuxese de vagar teria moito que contarlle d' o gallego que vosté usa e tén por enxebre; mais deixareino pra mais adiante, cando poida, valéndome de comparanzas amostrarlle como catro e dous son seis, que como quen merca alcroques a feito vosté colle d' o castelao e d' o gallego palabras pra enxaretar os seus escritos.

Si cobiza que nos entendamos e que parrafeemos como Dios manda, pónase n-o xus-

to, déixese de retranqueiras de gromista, e irémol-a andando.

UN ROMEIRO

Á VIRXEN DE TARDADE

I

¡Tardade, niño d' amores
ond' á Pombiña descansa,
doc' e mansa
c' o ramallino d' a paz
entr' escuras carballeiras
cabo d' as ledas ribeirrs
que lamb' o fondo Trimaz!

¡Salve, gracioso Tardade!
¡Salve, cunquiña preciosa
ond' a rosa
ard' en bosques de xazmis!
ond' a laberca asubía;
ond' é etern' a melodía;
ond' os montes son xardís.

Aquí che veño, Tardade,
vestidiño de romeiro,
marineiro
qu' o mar fero gomitou:
liño pol-o sol quemado,
loureiriño desgraciado
qu' a Nordesia tirou.

Cand' a primeir' aquí vin
miña cunca de Tardade,
outra idade,
outros bríos tiña eu...
Agora ¡mal pecadiño!
arrimado a' este paiño
¡Ay! non poido c' o mal meu.

Neniño era enton: e ledo
a roupa millor traguía,
e corría,
branco paniño n-a man:
loitaba c' os compañeiros
ou subí ós bidueiros
que d' o río á beir' stán.

As mamais viñan atrase,
e s' a miña me berraba,
agardaba
festas facéndolle mil:
e logo chuchabaa riudo,
e fuxia perseguindo
a miña tropa infantil.

Tempos d' inocencia, d' anxel;
tempos de risas, de groria,
qu' a memoria
cham' e canta con amor;
tempos de veigas amenas;

onde non pacen as penas,
nin naide sabe qu' é door.

Agora ¡triste presente!
xa nin conz' á alegría...
Lousa fría
pesa sobre miña Mai...
Prob' e baldad' e morrendo
vou camiñando xemendo
tras d' o que pra min non hay.

—«Romeiriño así non parles;
»ten pacenci' e vai andando
»E esperando
»n-a que ten a mort' ós pés:
»de menciñas El' é fonte
»mais qu' as herbiñas d' o monta...
»Romeiriño, fé non tés.

»Non chores: e vai' a modo
»e arrodillat' ós pés d' Ela,
»d' esa 'strela
»que nos mares ch' alumou:
»e pídelles confiado
»remedio pra un desgraciado
»qu' El a moitos mais sanou.»

Entr' os carballos x' o vexo
o niño d' os meus amores...
veigas... frores...
y-o rio con voltas mil:
y-a campá con son doente
oye o barullo d' a xente
y-a gaitiñ' e o tamboril.

A sangre xa se m' acende;
os pés sinto mais lixeiros...
Meus romeiros,
¡viv' a Virxen de Tardá!
¡viv' a 'strela d' a Montaña,
fadiña qu' o Trímaz baña
con ondas de suavidad!

II

Dexad' entrar a 'ste probe,
romeiriños de María;
voulle pedir que me día,
s' a ben o ten a salú...
¡Virxen santa de Tardade,
Pombiña d' estas ribeiras,
rosiña d' estas pradeiras,
menciña de gran virtul!

As portas vinme d' a morte,
cargadiño de doores:
invoquei os teus favores
e un pouco millor estou.
Sáname, miña Señora,
que tí ben podes sanarme;
se queres a salú dar-me,
poder o Fillo che dou.

E s' os meus cramores óis,
Virxen santa de Tardade;
se me dás a sanidade,
o teu Nome cantarei:
en canto vida tiveres
rezareich' agradecido,
y-o teu niño querido
todol-os anos virei.

Virei con santas ofrendas
qu' a tua bondá prubiquen;
pra que todos magnifiquen;
o poder d' a Mai de Dios;
pra que todos veñan ledos
os pés d' a doce María
e ll' entreguen a porfia
as chaves d' os corazóns.

¡Adios, Pomba de Tardade!
¡Adios, guap' e suave rosa!
¡Adios, Maiña amorosa!
A yalma déixoch' aquí.
¡Ei! Xa me sinto millore:
Así m' o parece... ¡alegría!
¡Bendita sexas María!
¡Alabanzas groiri' a tí!

XOSÉ MARIA CHAO E LEDO,
presbítero.

REFRÁS GALLEGÓS

Tal terra andar, tal pan manxar.
Tan boa é a venta com' a hipoteca.
Tanto me dá así como así.
Tanto dirán elas! elas! que veñan cando
as Xaneiras.
Tanto leva saco longo, como saco redondo
Tanto lle quer o demo ós seus fillos, que
lles saca os ollos.
Tempo ten a choca, e tempo ten quen-a
xoga.
Ten a gracia n-o fol de liñaza.
Terra por terra, Barzamedera: millor por
millor, valle de Miñor.
Ti que me levas, y-eu que m' axudo, vá-
mol-os dous ó cabo do mundo.
Tódol-os que servimos, anque sempre tra-
ballemos, sempre nos din que durmimos.
Toquenll' as carouceiras á quen diga Mo-
reiras.
Tras d, o probe sempre anda o demo co'a
fouce amolada,
Tras mala precúra, ven a mala ventura.
Trata en sardiña, e comerás galiña.
Tres anos de can novo e outros tres de bo
can, tres anos de can vello, y-outros tres de
folgazan.
Troita cara, non é sana.
Us nacen pra santos, y-outros pra pés de
bancos.
Un grao non fai graneiro, pero axuda ó
compañeiro.

Vacorino en celeiro non quer compañeiro,
Vai a cabra pol a viña, tal é a nai como é
a filla.

Unha vella y-on cesto, y-o conto acabouse
n-esto.

Unha besta non quer outra.

Un Ferreiro á outro non lle fai daño.

Val mais chegara tempo, ca rondar un ano
Vaiche n-a misa en Coxo.

Val mais quen Dios axuda, ca quen moito
madruga.

Val mais pequeno e agudo, que grande e
burro.

«Val quen ten,» as campanas de Toen.

Van os cregos ó concello? Trán o cuco n-o
capelo.

Vello casado con nena bonita, e mozo sin
rentas n' oficio, cego é o que non ve pol-o
cribo.

Ven a morte, e non se sabe de que sorte

Vicios poñas, que non tollas.

Villao farto, pé durmente.

Vistir á uso, calzar á gusto.

Vos dona, y-eu dona ¿quen botará o porco
fora?

Xa sabe onde lle manca o zapato.

Unha camisa n-a pedra y-outra n-o lombo.

Us levan as noces, y-outros as voces.

EN VIANA

—Bota mais viño, Xarelo
que temol-as gornas secas.

—¡E bô beber! ¿Xa bebíchedes
entre cinco nove xerras?

—Hastra escurrichal-as cubas,
Xarelo, tes hoxe angueira.

—¡Outra dúcea de sardiñas;
mais pan e sardiñas veñan!

—¡Hoxe fúndese Viana!

—¡Hoxe arde o mundo, puñesflas.

—¡Vaya! seica en paviola
vades sair d'a taberna.

—Sairemos como poidamos
mais de sair non hay presa.

—E perdoando a pregunta,
¿por qué tendes esta festa?

—¿Quérelo saber Xarelo!

—¿Si non fora incomenencia...

—Pois séntate, toma un taco,
bota un vasiño... y-espreita.

ó Panchucó e mais o Pito,

ó Bota y-o Pouca-pena

e mais este cura, estamos

mollando n-a tua taberna

ó trunfo d' o candidato

que pñen os que gobernan,

home que non despreciando,
evos de moita *afruencia*.

—Xa cayo d' a burra embaixo.

—Pois.eu voume pondo n-ela.

—O que te pôs é n-a mula.

—Que me coma unha centella
si vos bebín outra pinga
mais que o fondo d' unha xerra.

—Pois como vos dixen, teñen
cuasecon-patal-as mesas

os que a don Manoel Quiroga
votarán veña o que veña.

—¿Arrecolleron as firmas?

—Dispoñen d' un fato d' elas
qu' enchen, quedándome curto
os pregos d' unha costeira.

—Estónces a oposicion
xa lle pode botar terra.

—E craro, sairá d' a urnia
mais limpo que unha patena.

—Nantronte dixome o alcalde
que ten boas entendedeiras

e que n-eso de eleuciós

sabe onde os zocos ll' apertan,

que por diputado a Córtes

como unha cousa xa feita

a don Manolo Quiroga

podemos ter, y-abofellas

que me folgo d' o que pasa

cal si cen pesos me deran,

pois anque d' este distrito

pouco se coida e se lembra,

sempre acostuma ó elexilo!

mandar matar duas terneiras

e lamben os eleutores

un anaco de vitela,

ademais catro destinos,

os estanques y-estafetas

vai dando ós que ben o sirven

porque ten moita *afruencia*,

e xa vendes non é cousa

anque cativo pareza,

de sentir que algús veciños

sin oficio, pan nin rendas

se poñan ó comedeiro

e pra ir turrando teñan.

Mais pra nosco nunca hay nada

mais que palabras e léria.

—¿E tí sirves pra empregado?

—Quen, ¿eu? ¡Nunca Dios me dera!

Diu que con firmar a nómena

pode servir unha estea,

y-outros mais boiros fixeron

en poucos anos carreira.

—Non che falta razon, Bota,
sin ser un home de letras
pode un medrar e medrar
si un que valla o recomenda,
mais si un non che ten padriño
por mui sabido que sexa
ten que morrer á mioca
ou afacerse á miseria.

—Par eso descamiñado
non vai Anton d' as Coellas
que cando o voto lle piden
con sorna morna contesta:
«Os votos como as patacas
vande sachalos á terra,
que a min ninguén me dá nada
nin ninguén a bolsa aberta
tivo pra pagar por min
os trabucos e gabelas,
e van us e veñen outros
y-eu estou sempre n-a mesma,
turra que turra d' o sachó
e sua que sua n-a testa
pra non comer mais que bica
mariñas, fabas e berzas.»

—Non marmures tanto, Pito.
—Panchuco, a min no me veñas
con músecas e danzantes
que non estamos pra festas,
nin nós como a tí ganamos
folgadamente as cadelas:
que bon proveito che faga
pois non me metes enve xa
ser aguacil d' o Xuzgado
y-andar d' a xusticia á veira;
mais non desmintas, Panchuco,
que os que vivimos d' a terra
somos a zafra de todos
sin ver nunca recompensa.

—¿E téñobos eu a culpa?
¿E quen vos manda ser bestas
non barallando en política
pra medrar com' outros medran?
—Porque nos temos vergonza.
—Logo manténdevos d' ela.
—Panchuco, estasme faltando
que xa me treman as pernas...

—Vaya, falar d' outra cousa,
qu, esta bo xeito non leva.
—A propóseto, ¿soubéchedes
qué bruxa, qué trasgo ou meiga
vai soprarlle o que falamos
ó TIO MARCOS D' A PORTELA?

—Como non-os oya agora
todo vai ben, Pouca-pena.
—Demo non digas, Xarelo,
que ese tio d' a monteira
anque de hoso e de carne
é feito como calquera,
pode ser que com' as bruxas
ruba pol-a gramalleira,
ou com' os mesmos espíritos
entre pol-as ramdixelas.
—Eu non poño dous ichavos
desque vin que ó pé d' a letra
contou pan pan, viño vino

aquel-outra larpadela!

—Non pois á min non m' a dá;
¡Xarelo, trae unha vela
e de curruncho en curruncho
rexistremos a taberna!

—¡Ay, que de paus se lambia
ese vello d' a monteira
si o atopamos agachado
debaixo d' algunha mesa!

—Eu por topalo daría
un ollo y-as dúas orellas.

—Pois eu daba canto teño.
—Canté si tal socedera.

CASOS E COUSAS

Pra diputados a Córtes
votar o Goberno manda,
en Celanova Canido
muy lembrado n-a sua casa,
ô senhor marques, en Trives,
Sub-secretario de Gracia;
en Ribadavia a Merelles
político que anda entr' augas,
n-o Barco a Manoel Quiroga,
húsar d' o escuadron de marras;
en Verin Castor Garcia
fillo enxebre de Viana;
en Xinzo de Limia a don
Pepito de Valderrama;
en Ourense a un que *pincha*
pois apellídase Espada;
en Carballiño a Cantero
diputado de tempada;
en Bande inda non se sabe,
pero por moito que calan
ha de ser un Bugallal
on unha pua d' a casta.

O derradeiro sábado houbo un incendio en
Ourense. Arderon as madeiras e canto tiña
n-o seu taller o industrial Bernardo Carril.

Pra apagal-o fogo que alampaba e puña
medo acodeu o Auntamento con dúas bombas
pequenas.

Aquelo pareceume o mesmo que si n-o
medio de mil famentos aparecese un home
c' unha poya de pantrigo n-a mau, dicindo:
«Non afrixirse, aquí estou eu pra vos matar
á fame.»

¿Qué pasa n-o Carballiño
entr' un crego y-un veciño?

O Xesusiño, ciruxao de Salomonde e unha
rapaza d' Eiras pra lle escorrental-a tiricia
mandoulle que amasase unha pouca fariña
milla, que raspase as uñas, que fixese dem-
pois unha bola e que ll'a dese a comer ô pri-
meiro can que atopase.

Entre presoas sabidas o remedio ten que
dar resultados: botarânse a rir como tolos e
pasarálles a tiricia.

Imp. d' O ECO D' OURENSE.

ANUNCIOS

O TIO MARCOS D'A PORTELA, PARRAFEOS GALLEGOS.

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fóllo, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d'o pais gallego.

SUSCRICION

Seis réas cada tres meses.

ADIMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as susericiós é por adiantado.
Os números soltos véndense á dez céntemos de peseta.
Os pagos faranse en sellos ou letras d' o xiro.

XASTRERIA

Quen á moda verdadeira queira vestir hoxe en dia, n-a escelente xastreria qu' hay n-a rua de Pereira fale c-o Xosé Maria.

Cantas prendas de vestir os fillos d' Ourense tran pra rumbar ese lucir, alí todiñas se fan que xa non hay mais pr' ond' ir.

GALZADO

O zapateiro Garcia ten n-a sua zapateria, com' é natural, zapatos que non s' atopan n-o dia tan feitiños e baratos.

Aproveitande a ocasion os que tendo ou sin ter rendas calzades n-a pobracion: está n-a rua d' as Tendras, praza d' a Constitucion.

Pra comidas e bó viño buscande n-a vila nosa a casa d' a Xenerosa n-a rua d' o Pelourino.

N-ela limpo e con fartura tanto se bebe e se come por pouco, que non hay home que non laude a baratura.